

CRITERIOS DE CERTIFICACIÓN DE PRODUCTOS ELABORADOS

O obxectivo deste documento é definir os criterios que identifican os produtos etiquetados coa garantía do Sistema Participativo de Garantía 'A Gavela', que estean incluídos no amplo sector de 'produtos elaborados', ou sector secundario. Abrangue potencialmente por tanto produtos tan diversos como panes, conservas, bebidas, cosmética ou preparados medicinais, entre outros.

Para poder atender á diversidade de produtos, sen centrarnos en cada unha das súas familias, se propoñen unha serie de criterios xerais baseados en valores agroecolóxicos, sen entrar valorar outras calidades.

DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- A materia prima usada deberá ser de orixe ecolóxico na súa totalidade.
- A materia prima deberá ser o máis local posible.
- Os produtos deberán ser saudables, e non incluír aditivos tóxicos.
- A produtora non poderá exercer unha actividade non ecolóxica de forma paralela, e deberá participar activamente no SPG.
- A produtora ha de ser transparente, e facer accesible a información sobre os seus produtos.
- A produtora ha de manter unha escala familiar ou de pequena produtora, na que tódolas persoas sexan socias traballadoras de igual dereito.
- Apoio mutuo en lugar de competencia.

CRITERIOS VALORABLES

O incumprimento dos seguintes criterios non é excluínte, mais valórase o seu cumprimento, e apóiase e incentívase a transformación da produtora para axustarse a estes criterios:

- Social

Participación en movementos sociais e veciñais

Valorarase a implicación en diferentes iniciativas vencelladas á agroecoloxía, así como en movementos veciñais de base.

Comunicación

Valorarase a facilidade de acceso á información sobre os produtos, etiquetado, contacto cos produtores, usos sobre os produtos, e demais.

Cooperación

Valorarase positivamente que haxa contacto e colaboración con outros produtores, para facilitarse mutuamente acadar obxetivos que como pequenos produtores poden ser difíciles.

- Local

Materias primas

Valorarase a orixe das mesmas, sendo o caso ideal a autoprodución certificada con este mesmo selo.

Forma de venda

Valorarase a venda o máis local posible. Tamén a venda directa en mercadiños, grupos de consumo, ou semellantes, evitando o uso de intermediarios.

Espazo de produción

Valorarase o correcto mantemento dun espazo axeitado segundo cada tipo de produto, con atención á hixiene e a orde.

- Ambiental

Uso de maquinaria

Promóvense proxectos cun uso de maquinaria dimensionado, non industrializado, que tendan á simplicidade e a eficiencia enerxética, valorando tamén aqueles que seguen un proceso artesanal tradicional.

Enerxía

Valorarase que para a fabricación se usen enerxías de orixe renovable na medida do posible.

Reciclaxe

Valorarase que a embalaxe dos produtos sexa reutilizable e con pouca pegada ambiental.